

NOTICIA SOBRE UN NOVO ACHÁDEGO EPIGRÁFICO ROMANO EN SAN PEDRO DE OLEIROS (RIBEIRA, A CORUÑA)

Por Rosa M^a FRANCO MASIDE

Departamento de Historia I.
Universidade de Santiago de Compostela.

Abstract: A new find of a Roman inscription from San Pedro de Oleiros (Ribeira, La Coruña)The occurrence of a broken stone with carved letters, set in a wall outside the churchyard of the parish of San Pedro de Oleiros suggests the existence of a Roman inscription that joins other similar finds nearby.

Keywords: Roman inscription, A Coruña, Ribeira, San Pedro de Oleiros.

CONTEXTO

O ámbito no que aparece este epígrafe sitúase na porción máis occidental da península do Barbanza, concretamente, na parroquia de San Pedro de Oleiros. Existen perto de alí, a cinco kilómetros e na contigua parroquia de Santa M^a de Olveira, dous epígrafes romanos que se corresponden con sendas estelas funerarias. Un fragmento da primeira consérvase no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (CIRG I, 80), mentres que a segunda estela permanece en paradeiro descoñecido dende o século XIX. Aínda así coñecemos o texto da inscrpción desaparecida gracias ó testimonio que deixaron dela Martín Sarmiento, López Ferreiro, Barros Sivel e tamén, gracias á más recente lectura realizada, a partir do gravado de Martín Sarmiento, por Gerardo Pereira Menaut (CIRG I, 79).

A península do Barbanza posúe, a maiores, destacadados expoñentes epigráficos e arqueolóxicos. No sector norte, dentro do concello de Porto do Son, coñecemos dous epígrafes votivos, achados o primeiro en Xuño e adicado a *Diana Venetrice* (CIRG I, 76) e o segundo no monte Dodro (CIRG I, 77). No mesmo concello apareceu unha placa funeraria, realizada en mármore branco e de excelente

epigrafía, que servía de base de altar na igrexa parroquial de Queiruga (CIRG I, 78). Así mesmo temos constancia da existencia dunha vila romana en Portosín, da que hai noticia, posuía un extenso mosaico. Habería que engadir, a esta serie de achádegos peninsulares, a estela funeraria localizada en Barro (Noia) (CIRG I, 75). As inscricións coñecidas no sector meridional da península son: a estela funeraria de Rianxo (CIRG I, 81) e dúas aras votivas localizadas máis ó interior, en San Pedro de Erbogo (Rois) (CIRG I, 20), parroquia próxima a Iria. Iria correspondece co sector más occidental da península do Barbanza e realiza as veces de punto de ruptura de carga entre a ría, a península e a depresión meridiana, vía natural de comunicación por excelencia da Galicia marítima occidental, motivo polo que quizás, presente esta poboación onde se encontraba o foro dos irienses, unha maior concentración epigráfica (CIRG I, 12-21).

TEXTO

Trátase dun fragmento de inscripción do que non podemos determinar a sua verdadeira función, probablemente funeraria ou votiva.

A pedra reutilizada preséntase recortada polos seus lados maiores, desaparecendo tamén calesquera referencia a existencia dunha cornisa ou dun zócalo.

73X14-15X18cm. Let. 5-6cm.

—O—
—M—
—O—
—VRI—
—QIC—

—NAI—
—O—
—VI—

Na primeira liña aprécianse restos dunha letra innedintifiable, ainda que pola traxectoria do sulco pudera tratarse dunha letra O. Na segunda liña, pérdese parte da pedra no lado esquierdo, onde pudo haber existido unha letra, e a continuación apréciase unha clara letra M. Na terceira liña encontramos unha letra O, que ocupa unha posición central e que non ten letras gravadas á sua dereita. Na cuarta liña distinguimos as letras VRI moi deterioradas debido ó mal estado da parte inferior do fragmento. Na quinta liñas lemos parte dunha O, ou dunha Q, un I e parte dun C. A sexta liña contén trazos verticais que non chegan a ser identificados con letra

nengunha. Na liña sete apréciase o que parece o remate dunha letra N, e a continuación na mesma liña aparece un A e logo un I. Na liña oito apreciamos a letra O. Esta letra sitúase no extremo esquerdo da liña e mide cinco centímetros de diámetro. Dende o remate esquerdo da letra ata o extremo da pedra medimos oito centímetros e sin embargo non presenta máis letras polo que pudera tratarse do remate dunha liña. Na liña nove falta pedra e só se aprecian dous trazos verticais, o primeiro inclinado á dereita e o segundo recto e pudera ser un I. A liña dez pudo ter existido pero debido a fractura da pedra o texto pérdeuse.

CONCLUSIÓN

Debido ó estado de conservación dos restos epigráficos localizados no muro do atrio da igrexa parroquial de San Pedro de Oleiros, non podemos facer más que constatar que nos encontramos ante unha inscripción romana da que polo seu estado fragmentario non podemos reconstruir o seu texto completo. Os indicios que podemos extraer inclínannos, no obstante, a supor que se trata dunha estela funeraria ou votiva.

A presencia neste lugar desta inscripción resulta interesante porque se suma ó conxunto de outras dúas estelas aparecidas na paraxe de Bretal, na parroquia de Olveira. A concentración de tres epígrafes en cinco kilómetros á redonda quizais poda aportar algo de luz acerca da existencia dunha probable concentración de poboación considerablemente romanizada no sector máis occidental da península do Barbanza.

Agradecementos

A Jorge Gutián Castromil, Xoan Gutián Rivera e Ramón Fabregas Valcarce pola noticia da existencia da inscripción. A Gerardo Pereira Menaut pola lectura do epígrafe. Tamén a Manolo Villanueva Acuña.

MAPA DE LOCALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNNS




FIGURA1: Localización da nova inscripción (frecha) no mapa de achados epigráficos en Coruña (a partir do orixinal de G. Pereira Menaut, CIRG I).



FIGURA 2: Fotografía da Inscripción obxecto do presente traballo.